

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN DE MULLERES CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (ACADAR), PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DEDALEIRA, ESPECIALIZADO EN INFORMACIÓN E ASESORAMENTO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA AS MULLERES E NENAS CON DISCAPACIDADE E A SÚA CONTORNA, NO MARCO DO PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, NO EXERCICIO 2026.

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDAS

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, que actúa en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

E doutra, dona Mónica Álvarez San Primitivo, que actúa en nome e representación da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) con NIF: G70223417, en virtude da súa condición de Presidenta e representante legal segundo o artigo 34 dos seus Estatutos, e nomeada como tal, segundo se reflicte na Acta da Asemblea Extraordinaria do 15 de xuño de 2022.

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e acordar e,

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.



II. O Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 4.2 sinala que corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. En virtude do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, o dito órgano superior asume as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, e promover e adoptar medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.

A través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, órgano de dirección da Consellería de Política Social e Igualdade, a consellería impulsa as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e na demais lexislación aplicable na materia.

IV. A Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, establece que o Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir unha atención integral e coordinada dirixida ás



mulleres que sofren violencia de xénero.

V. En setembro de 2017 aprobouse o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero con 292 medidas estruturadas en 10 eixes de acción para garantir a mellora e perfeccionamento do sistema para a erradicación da violencia de xénero en todas as súas formas.

O día 25 de novembro de 2021, catro anos despois da aprobación do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de 2017, a maioría dos grupos políticos con representación parlamentaria asinaron un acordo de renovación deste onde, novamente, se plasmou a vontade de todos os actores institucionais de seguir traballando polo cumprimento das medidas do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e o establecemento dun marco ampliado e permanente para o desenvolvemento de políticas públicas que o fortalezan.

VI. En base ao anterior, o 22 de xullo de 2022 a Conferencia Sectorial de Igualdade aprobou o Acordo relativo ao establecemento dun marco de actuación conxunta que garanta a prórroga e permanencia das políticas públicas e os servizos que se derivan do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. Este acordo ten como finalidade consolidar o traballo fronte á violencia contra as mulleres no conxunto do Estado, avanzando na institucionalización e a permanencia dos compromisos adquiridos no marco do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O 20 de marzo de 2023 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* a Resolución do 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o Plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027).

Este marco de cooperación articúlase a través dun Plan Conxunto plurianual que inclúe un Catálogo de referencia de políticas e servizos en materia de violencia contra as mulleres, así como un Sistema común de información e avaliación.

O 26 de febreiro de 2025 o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou de maneira case unánime a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O acordo amplía as medidas que incluía en 2017 de 290 a 461, e introduce novos eixes como son a violencia vicaria, a violencia económica



e a dixital. E se presta especial atención ás mulleres rurais e as mulleres con discapacidade.

O Pacto de Estado de 2025 recolle varias medidas referidas ás mulleres con discapacidade vítimas de violencia de xénero entre elas: garantir o acceso efectivo ás canles de información sobre a saúde sexual e reprodutiva, garantir o enfoque interseccional en calquera política, medida e resposta institucional que se adopte para combater a violencia contra as mulleres tendo en conta as diferentes vulnerabilidades e circunstancias das vítimas, a súa discapacidade, de forma que se garanta o seu pleno acceso e exercicio efectivo de dereitos; impulsar as medidas encamiñadas á detección e abordaxe da violencia, particularmente a sexual caras as nenas e mulleres con discapacidade e garantir a rehabilitación e reparación integral a través de servizos e programas especializados co asesoramento experto de organizacións profesionais no ámbito da discapacidade.

VII. A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), constitúese como unha entidade asociativa sen ánimo de lucro, gozando de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar e, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2009/013595-1, cun ámbito territorial que comprende a Comunidade Autónoma Galega, co fin de ofrecer servizos, desenvolver actividades e impulsar accións de reivindicación dos dereitos das mulleres con discapacidade, con especial atención ás mulleres residentes no medio rural, ás que presentan discapacidade severa e/ou ás que se atopan en situación de risco ou exclusión social.

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) é membro da Confederación Estatal de Mulleres con Discapacidade (CEMUDIS) e do Consello Galego das Mulleres, desenvolvendo a Vicepresidencia Segunda. Tamén forma parte da Federación provincial de A CORUÑA da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI CORUÑA), da Federación de Asociación de COGAMI Lugo, Federación de COGAMI Pontevedra, Federación DISCAFIS-COGAMI Ourense e Asociación de desenvolvemento Galicia Suroeste EURURAL.

A entidade está recoñecida e inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais co número E5371.



VIII. A violencia contra as mulleres continúa sendo unha problemática de gran magnitude en Europa e España, segundo a enquisa máis recente realizada pola Axencia de Dereitos Fundamentais da UE (FRA) e o Instituto Europeo de Igualdade de Xénero (EIGE).

En España, a Macro enquisa de Violencia contra a Muller, 2024 estima que máis de 6,4 millóns de mulleres maiores de 16 anos sufriron algún tipo de violencia de xénero, o que representa aproximadamente o 30,3 % da poboación feminina.

A Macro enquisa puxo de manifesto a relación directa entre violencia e discapacidade. Un 16,4 % das mulleres con discapacidade declarou que esta é consecuencia dos malos tratos sufridos, o que evidencia que a violencia non só afecta de maneira desproporcionada a este colectivo, senón que pode constituír tamén un factor xerador ou agravante da propia discapacidade. Este dato reforza a idea de que a violencia e a discapacidade poden manter unha relación bidireccional, xerando un círculo de especial vulnerabilidade.

Tendo en conta que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non están suficientemente cubertas é preciso articular as ferramentas axeitadas para a defensa dos dereitos das mulleres con discapacidade, de cara a súa plena integración e participación en todos os ámbitos da sociedade.

O servizo Dedaleira é un servizo de información e asesoramento sexolóxico para mulleres e nenas con discapacidade e a súa contorna: parellas, familiares e persoal profesional do seu ámbito social, educativo ou institucional. Este servizo, pioneiro en Galicia, foi pensado e creado para acompañar e dar resposta ás necesidades sexuais das mulleres e nenas con discapacidade, desde un enfoque autónomo, profesional e científico.

Cabe destacar o incremento da demanda, por parte das entidades e centros, para a abordaxe das violencias sexuais e de parella ligadas ao uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).

É preciso ter en conta a realidade na que vivimos hoxe en día e a forte presenza das novas tecnoloxías como base e punto de interacción para moitas persoas. Dende o servizo estase incidindo no bo uso das mesmas, así como na prevención de situacións de risco cara á exposición na rede, ademais de como xestionar episodios



de violencia ou acoso a través desta vía, de uso moi habitual especialmente na adolescencia.

Algunhas das actividades realizadas son as seguintes:

- Orientación, información e asesoramento de forma presencial, telefónica e online mediante información accesible e adaptada, atendendo demandas específicas e desenvolvendo intervencións individualizadas e adaptadas ao perfil e necesidades de apoio de cada persoa.
- Actividades formativas e especializadas axustadas ás necesidades da entidade ou colectivo que as demande e as súas preferencias, a persoas usuarias dunha entidade ou asociación concreta ou ás familias das persoas usuarias.
- Orientación, acompañamento e asesoramento psico-sexolóxico e legal individual a aquelas mulleres e nenas que viviron situacións de violencia sexual nalgún momento da súa vida.

IX. Que consonte ao exposto, a Consellería de Política Social e Igualdade considera necesario o fomento das accións englobadas no Servizo Dedaleira, especializado en información e asesoramento contra a violencia de xénero para as mulleres e nenas con discapacidade e a súa contorna que vai desenvolver a Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) a través da concesión dunha subvención pública.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario.

O carácter singular do presente convenio vén determinado por razóns de interese público e cómpre sinalar que, tal e como se sinala na Estratexia Estatal para Combater as Violencias Machistas 2022 – 2025, as mulleres con discapacidade son máis vulnerables ante as violencias machistas porque a súa realidade está máis invisibilizada e os recursos implementados polas política públicas non son sempre



accesibles nin están adaptados a este colectivo, pese aos esforzos das institucións. Así mesmo a Resolución de 16 de marzo de 2023, da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 3 de marzo de 2023, polo que se aproba o plan conxunto plurianual en materia de violencia contra as mulleres (2023-2027) presta unha especial atención en todas as súas actuacións á discapacidade, así como o Pacto de Estado de febreiro de 2025.

A Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), é a única entidade constituída en Galicia que traballa directamente coas mulleres e nenas con discapacidade promovendo o seu apoderamento, e con todas as administracións, entidades e axentes sociais pola promoción da igualdade e a prevención de calquera tipo de violencia cara ás mulleres e nenas con discapacidade.

Todo elo é o que leva á Consellería de Política Social e Igualdade a establecer a presente colaboración no que o interese prioritario é poder ofertar servizos, dirixir actividades e reivindicar dereitos para todas as mulleres e nenas con discapacidade, independentemente do lugar onde residan, tendo en conta, sobre todo, as necesidades específicas das mulleres e nenas residentes no rural asumindo que as mulleres e nenas con discapacidade comprenden un colectivo de maior risco fronte a todos os tipos de violencia de xénero e teñen menor acceso a servizos de orientación e asesoramento para cuestións aínda consideradas tabú na nosa sociedade, como a sexualidade.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio que desenvolverase de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE

O obxecto deste convenio é instrumentar unha subvención de carácter directo en beneficio da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), para manter o servizo DEDALEIRA: servizo especializado de información e asesoramento afectivo-sexual para a loita contra a violencia de xénero, destinado ás mulleres e nenas con discapacidade, as súas parellas, familiares e persoas da súa contorna



social ou institucional, no que se inclúe asesoramento individualizado, intervención social e psicolóxica, accións de formación grupal e o acompañamento e a atención a persoas que viviron ou están a vivir situacións de abusos ou violencia de xénero. Dentro deste servizo tamén se contempla o asesoramento xurídico que as persoas con discapacidade ou da súa contorna xa sexan as súas parellas, familiares ou persoas da súa contorna, poidan precisar, xa que a entidade percibe unha alta demanda en materia de asesoramento legal, pois as mulleres e nenas con discapacidade atópanse cun maior descoñecemento e desprotección.

SEGUNDA. - OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACTIVIDADES A SUBVENCIONAR

Dentro do Servizo Dedaleira, existen dúas unidades:

- Unidade Co-Respecto, céntrase na análise, prevención e intervención sobre os patróns de relación desigualitarios, considerados factores estruturais clave na xeración e perpetuación das violencias contra as mulleres e nenas con discapacidade. A súa intervención diríxese á poboación en xeral, con independencia do sexo, atendendo ao seu papel determinante na prevención primaria e secundaria da violencia. Así mesmo, intégrase unha liña específica de actuación orientada ao uso seguro, responsable e crítico das tecnoloxías da información e da comunicación, incidindo na prevención de situacións de risco asociadas á exposición dixital, así como na detección, abordaxe e xestión de episodios de acoso e violencia en liña, particularmente prevalentes na poboación adolescente.
- Unidade Querelar, como a unidade especializada na prevención, detección e intervención en situacións contra as liberdades e indemnidade sexual, xa que a sexualidade está na base da identidade xunto co desenvolvemento afectivo-emocional e son clave para as relacións de calidade, o bo trato e a identificación dos indicadores de violencia.

Os obxectivos específicos a conseguir coa sinatura deste convenio son:

Obxectivo específico 1: Mantemento do servizo de Dedaleira.

- Mantemento e ampliación dun equipo de traballo especializado.

Todas as demandas recibidas no servizo Dedaleira son atendidas por un equipo



especializado, así mesmo acorde ás demandas que se reciben durante a execución do servizo, en ocasións requírese a ampliación do equipo en número ou dedicación, cumprindo cos criterios de especialización para prestar un servizo de calidade

- Revisión e mellora dos protocolos de actuación para afrontar situacións imprevistas ou elaborar pautas de actuación específicas segundo as necesidades que xurdan relacionadas coas formas de violencia e a súa prevención, educación sexual, resolución de conflitos, intervención en situacións de violencia ou abuso.

- Divulgación do Servizo.

- Prestación do Servizo a través da orientación, información e asesoramento de forma presencial, telefónica e online, no que se dea información accesible e adaptada ao colectivo beneficiario destas actuacións, se atendan demandas específicas, se busquen solucións a dificultades concretas e o desenvolvemento de intervencións individualizadas e adaptadas ao perfil e ás necesidades de apoio de cada persoa beneficiaria, así como da prestación de apoio psicosocial.

Obxectivo específico 2: Mantemento no Servizo dunha Unidade específica de abordaxe e intervención ante situacións e/ou relacións de desigualdade, a Unidade Co-Respecto, coas actividades previstas que se relacionan:

- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre as formas de violencia cara as nenas e mulleres con discapacidade, modelos relacionais e bo trato, educación sexual e solución de conflitos.
- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre prevención de situacións de violencia e/ou abuso, mesmo as vencelladas ás TIC.
- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas ante necesidades/situacións específicas.

Obxectivo específico 3: Manter no Servizo a unidade de prevención, detección e intervención en situacións contra as liberdades e indemnidade sexual, a Unidade Querelar, coas actividades previstas que se relacionan:

- Valoración dos casos contra a liberdade e indemnidade sexual e asesoramento para a toma de decisións.
- Atención psicolóxica individual e grupal.



- Asesoramento legal.
- Asesoramento/Intermediación cos axentes xudiciais para axustes de procedementos.

Obxectivo específico 4: Desenvolvemento de formación específica e profesional dirixida a mulleres e nenas con discapacidade, a súa contorna afectiva, equipos profesionais que traballan no ámbito da discapacidade, centros educativos de educación especial e/ou axentes xudiciais, coas actividades previstas que se relacionan:

- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas sobre a prevención e detección das violencias de xénero, sobre a intervención ante/de situacións de violencia e/ou abuso, así como a educación sexual.
- Deseño, execución e avaliación de actividades formativas ante necesidades/situacións específicas.

Obxectivo específico 5: Mantemento da web específica do Servizo, coas actividades previstas que se relacionan:

- Mantemento e actualización da web por parte do persoal técnico do Servizo.

Obxectivo específico 6: Avaliación do Servizo, coas actividades previstas que se relacionan:

- Avaliación continua ao longo da prestación do Servizo a través dos indicadores dos resultados.
- Avaliación anual do Servizo a través dos seguintes indicadores: % dos resultados do proxecto cumpridos e grao medio de satisfacción das persoas involucradas.

TERCEIRA.- ORZAMENTO

A previsión do orzamento de gastos para a realización das actividades do Servizo Dedaleira que ten previsto desenvolver Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), ascende á cantidade de **79.500** euros.

Para o cumprimento das actividades do servizo previstos na cláusula segunda a



Consellería de Política Social e Igualdade achegará a cantidade de **79.500 € (setenta e nove mil cincocentos euros)** con cargo á aplicación orzamentaria 08.06.313D.481.2 (código de proxecto 2018 00112) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

O presente financiamento enmárcase nos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero do Ministerio de Igualdade, correspondentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

CUARTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada.

2. A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase a través dunha conta xustificativa nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a presentación pola entidade beneficiaria da subvención, da seguinte documentación:

- **Memoria de actuación** suscrita polo órgano competente da Entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación do número total de actividades realizadas, a descrición das mesmas, o número de persoas usuarias, as localidades e provincias onde se desenvolveu cada actividade e dos resultados obtidos.
A memoria irá acompañada dun exemplar de todos os materiais elaborados ao abeiro da prestación do Servizo Dedaleira, nos que deben figurar os logos da Consellería de Política Social e Igualdade e do Ministerio de Igualdade. Como anexo a dita memoria deben achegar unha ficha cuantitativa segundo o modelo facilitado pola Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.
- **Certificación** expedida polo órgano competente da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR), dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, os documentos xustificativos, os importes e, de ser o caso, datas de pagamento.



- **Facturas** ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento. Acompañarase unha declaración asinada polo órgano competente da entidade indicando que as facturas orixinais están en poder desta.

Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

- **Gastos de persoal:** Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación das actividades a realizar para a prestación do Servizo Dedaleira a subvencionar a través deste convenio, que deberá indicar os seguintes datos: mes que se xustifica, apelidos, nome e NIF da persoa traballadora, base do Imposto da Renda das Persoas Físicas, retribución líquida e bruta mensual de cada unha delas, data de pagamento das retribucións, importe da seguridade social con cargo á entidade, data de pagamento da seguridade social, porcentaxe de imputación e importe mensual total imputado. Ademais deberanse achegar os documentos que acrediten os custos de persoal: copia das nóminas e relación nominal de traballadores (RNT) e o seu pagamento: xustificantes bancarios das nóminas e recibos de liquidación á Seguridade Social (RLC).

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de 2026 que conleven ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, no que se reflicta o importe da retención ou cotización acumulada na data de xustificación, quedando a entidade obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días hábiles seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario; en todo caso a dita presentación terá como data límite o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio da vixencia deste convenio.

- **Declaración responsable** de non ter solicitado ou percibido outras axudas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.



- **Certificacións acreditativas** de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.

Á vista desta documentación a Consellería de Política Social e Igualdade, comprobará a realización das actividades recollidas na cláusula segunda e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

Se o importe xustificado fose menor ao previsto na cláusula terceira e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento na contía que sexa obxecto de xustificación.

3. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados **entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 11 de decembro de 2026, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero con data límite do 15 de decembro de 2026.**

4. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación das actividades que se van realizar para prestar o Servizo través do presente convenio.

QUINTA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E PAGAMENTOS A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións previstas, atendendo aos límites máximos establecidos no artigo 63.1.Un do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que recolle que: *“Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever a concesión de pagamentos anticipados de ata un 80% da subvención concedida e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros as bases reguladoras poderán prever, ademais, pagamentos anticipados dun 10% adicional sobre o importe que exceda os 18.000 euros e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario”.*



Poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo da execución das actividades subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a entidade beneficiaria deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula cuarta, agás a memoria de actuación.

Segundo o sinalado no artigo 62.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o importe conxunto dos pagamentos a conta e dos pagamentos anticipados que, de selo caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excedera da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

SEXTA .- TRAMITACIÓN NA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA

A documentación relativa á tramitación deste convenio presentarase por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Para estes efectos empregarase o procedemento PR004A, que ten por obxecto a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico establecido na normativa reguladora de cada procedemento nin cun modelo electrónico normalizado.

A entidade beneficiaria responsabilizarase da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

SÉTIMA.- NOTIFICACIÓNS

As notificacións practicaranse por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil facilitados pola entidade beneficiaria. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Neste caso a entidade beneficiaria deberá crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá, de oficio, crear o indicado enderezo aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

OITAVA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

Para levar a cabo os obxectivos e fins das actividades que conforman o Servizo Dedaleira a subvencionar a través deste convenio a entidade beneficiaria poderá contratar, con cargo ao orzamento previsto no presente convenio, o persoal que no seu caso precise para o seu desenvolvemento.

A subscrición do presente Convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actividades que conforman o Servizo Dedaleira, que constitúe o seu obxecto, dependente da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) e a Consellería de Política Social e Igualdade de tal xeito que por este concepto non se lle poderá esixir a este órgano ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria.



NOVENA.- OBRIGAS

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) Desenvolver as actividades recollidas na cláusula segunda, e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización destas actividades e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención, sen percibir ningunha remuneración por parte das persoas usuarias.
- b) Realizar a divulgación das actividades recollidas na cláusula segunda, segundo as instrucións que determine a Consellería de Política Social e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice, o logotipo da Xunta de Galicia así como que a axuda para a realización destas actividades está a ser financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero do Ministerio de Igualdade, deixando constancia, se fora o caso, na sinalización exterior dos lugares onde se realicen as actividades, e sempre nas actividades de difusión, que estas se financian cos mencionados fondos, incluíndo o logotipo do Ministerio ademais do da Xunta de Galicia e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Presentar, antes da sinatura deste convenio, as certificacións acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- d) Empregar a lingua galega en todas as actividades derivadas do presente convenio, incluíndo a información en páxinas web. Non obstante o anterior, empregárase a lingua castelán se esta é requirida.
- e) Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias fronte a Administración e a Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que levan consigo as actividades derivadas da execución deste convenio.



- f) Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.
- h) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria da subvención establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro.
- i) Comunicar á Consellería de Política Social e Igualdade calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas e, de ser o caso, a obtención concorrente de outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público nacional ou internacional. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- k) Reintegrar a subvención percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- l) Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e comprometerse a non utilizar ningún dato desa información para ningunha outra fin que non sexa a de realizar as actividades, que conforman o Servizo Dedaleira, a subvencionar a través do presente convenio. Así mesmo queda obrigada a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Política Social e Igualdade.
- m) Subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por este órgano das obrigas previstas no Título I da citada lei. O incumprimento desta obriga determinará, se é o caso, a imposición das multas coercitivas previstas no número 4 do citado artigo.



n) As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

DÉCIMA .- CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- A aplicación dos fondos a fins distintos de aqueles que motivaron a concesión da subvención.
- O transcurso do tempo fixado sen que se executen as actividades obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fóra o caso, ao reintegro total ou parcial da axuda percibida e dos xuros de demora acumulados dende o momento do seu pago ata a data na que se acorde o reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente se procederá, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo das actividades que conforman o Servizo Dedaleira, subvencionado a través deste convenio.

En canto aos efectos estarase ao disposto no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DECIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro total ou parcial, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no artigos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións. De acordo co artigo 14.1 n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, os criterios de graduación dos posibles incumprimentos para determinar a cantidade a minorar ou reintegrar serán os seguintes:

- o incumprimento total dos fins para os que se concede a subvención, da realización das actividades subvencionadas ou da obriga de xustificación dará



lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida.

- calquera outro incumprimento considerárase incumprimento dos fins para os que se concedeu a axuda, da realización das actividades subvencionadas ou da obriga da xustificación, e dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro na porcentaxe correspondente ao investimento non efectuada ou non xustificada.

En caso de incumprimento do presente convenio, transgresión na súa execución ou desistencia pola entidade beneficiaria, procederáse á súa inmediata resolución. Concorridos tales supostos reintegrarase ao Tesouro da Xunta de Galicia as contías aboadas cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA .- COMPATIBILIDADE

Esta axuda é incompatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).



2. Os datos persoais recadados neste convenio serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derivada da xestión da concesión directa da subvención a través do dito convenio, que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia, de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de->



dereitos. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Por outra banda, en cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

DÉCIMO QUINTA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como



finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO SEXTA.- RÉXIME XURÍDICO DO CONVENIO

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público; pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, e subsidiariamente e para o caso de formularse dúbidas ou lagoas, polos principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño e polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

En todo caso, este convenio non se atopa comprendido en ningún dos contratos regulados pola Lei 9/2017, de 8 de novembro.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra os acordos cabe interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa ou, se o acto non fora expreso, en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade interesada, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.



DÉCIMO SÉTIMA.-SUBCONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS

1. Entenderase por subcontratación das actividades que conforman o Servizo Dedaleira, obxecto deste convenio, os gastos derivados da contratación de medios externos dirixidos á execución destas actividades.

2. A entidade beneficiaria poderá subcontratar tendo en conta que a subcontratación non pode supoñer un aumento do custo de execución das actividades subvencionadas e que deberá ser realizada de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Ademais, as subcontratistas deberanlles facilitar aos organismos de xestión, auditoría e control toda a información necesaria relativa ás actividades subcontratadas. Esta subcontratación non poderá exceder do 20 % do importe da actuación.

3. Acreditarase a necesidade de recorrer á contratación de servizos externos determinando o traballo encomendado, a súa duración e o servizo que se vai prestar, así como o sistema de coordinación coa entidade beneficiaria da subvención.

4. En ningún caso poderá concertar a entidade beneficiaria a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con persoas ou entidades vinculadas coa beneficiaria, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

- a) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.
- b) Que se obteña a autorización previa da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e se presente unha memoria xustificativa para ese efecto.

DÉCIMO OITAVA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das actividades previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes que o asinan. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio e estará formada por dúas persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dúas persoas representantes da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR),



designadas polas persoas que representen a cada unha das partes, así como as súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de de Loita contra a Violencia de Xénero, designada pola persoa que asuma a Presidencia, e actuará con voz pero sen voto.

A actuación da Comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO NOVENA.-VIXENCIA

O presente Convenio producirá efectos a partir da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026. Non obstante, os gastos das actividades a subvencionar a través do presente convenio que realizase a entidade beneficiaria dende o 1 de xaneiro de 2026 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, asíñase o mesmo na data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE

Fabiola García Martínez

A PRESIDENTA DA ASOCIACIÓN DE
MULLERES CON DISCAPACIDADE DE
GALICIA (ACADAR)

Mónica Álvarez San Primitivo

